O importe total de 4.535.680,87 €, a que ascende a primeira fase da anualidade 2005 do POL, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do presuposto provincial 2005.

Dado que o importe de financiamento asignado a esta deputación para financiar a anualidade 2005 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006 ascende a 7.422.727,87 €, e o importe das obras que neste momento están correctas e completas ascende a 4.535.680,87 €, o presente expediente constitúe só unha primeira fase das actuacións que se han incluír na anualidade 2005 do Programa operativo local. Existe unha diferenza polo importe de 2.887.047,00 € que se utilizará para financiar unha

segunda fase da anualidade 2005 do Programa operativo local, no marco do Plan complementario aprobado.

2- Aprobar a relación de actuacións que se han incluír na primeira fase da anualidade 2005 do POL que é a que figura no [anexo](#) a este acordo, agrupada nas medidas nas que se estrutura o Programa, e con detalle do seu financiamento entre os distintos axentes cofinanciadores. As obras comprendidas entre o núm. 145 e 151 corresponden á anualidade 2005 de obras plurianuais 2004-2005 incluídas no POL adicional 1/2004, que foran adxudicadas no ano 2004 e que se inclúen polo seu orzamento de adxudicación.

Aprobar así mesmo os correspondentes proxectos técnicos.

3.- Aprobar o Plan complementario ao POL 2005 no que se inclúe a seguinte programación de investimentos con indicación do concello, denominación e orzamento, que se financiarán cos remanentes que se poidan producir polas baixas de licitación ou anulacións de proxectos, así como coa diferenza entre o financiamento asignado e o investimento aprobado para a primeira fase da anualidade 2005 segundo se indica no apartado primeiro deste acordo, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

Esta relación ten carácter de “programación de actuacións que se van incluír no Plan complementario ao POL 2005”, de forma que unha vez estea correcta e completa toda a documentación administrativa e técnica, especialmente o proxecto técnico e a dispoñibilidade dos terreos e autorizacións e concesións administrativas necesarias, o Pleno da deputación aprobará os correspondentes proxectos.

CONCELLO	DENOMINACIÓN DA OBRA	ORZAMENTO
ARANGA	SAN. REGO DAS CAMPOSAS-MUNIFERRAL	61.283,64
ARES	SANEAMENTO EN CHANTEIRO 1-2-3FASE	686.233,11
BOIRO	COLECTOR RIO BREIRO FASE III	262.007,98
BOIRO	SANEAMENTO E IMPULSION EN LOIMAR	95.631,28
BOIRO	SANEAMENTO E IMPULSION NA ARRIBADA	57.783,94
BOIRO	SANEAMENTO E IMPULSIÓN EN VIDRES	50.361,41
BOQUEIXÓN	SANEAMENTO LOUREDA	527.805,10
BOQUEIXON	EDAR E COLECTOR SERGUDE	954.277,22
CABANAS	EDAR NO LUGAR DA VEIGA	104.809,20
CAMARIÑAS	ABAST. AUGA A PONTE DO PORTO	1.276.780,15
A CAPELA	ABAST. AUGA A CAPELA	1.133.410,92
CARRAL	AMPLIACIÓN SANEAMENTO TABEAIO	399.939,34
CORISTANCO	SANEAMENTO EN XAVIÑA	120.202,41
DODRO	SANEAMENTO E ABASTECIMENTO AUGA EN BEXO	246.916,03
FISTERRA	EDAR E COLECT. XRAIS NA ANCHOA	307.306,11
FRADES	DISTRIB. AUGA ABELLÁ	716.476,42
A LARACHA	SAN. PARROQUIAS GOLMAR-VILAÑO-CAIÓN	600.061,61
LAXE	MELL.. ABAST. AUGA EN LAXE	98.114,88

MAÑÓN	SAN. E EDAR ESTRADA ESTACIÓN	69.677,80
MAZARICOS	ABAST. AUGA A ANTES E GRILLE E RECOLLIDA PLUVIAIS	222.569,51
MAZARICOS	ABAST. AUGA A PICOTA, SANFOGA E COLÚNS	333.670,09
MESÍA	ESTACIÓNS TRATAMENTO AUGA POTÁBEL	641.602,47
NARÓN	ACOND. MUIÑO DE GRADAILLE	76.841,37
NEDA	SAN. VILA ANCA, A TORRE, CORME	409.395,17
OROSO	AMPL. REDE MPAL. DE ABASTECIMENTO	423.312,72
OZA DOS RÍOS	EDAR E DEPURACIÓN	474.276,09
PADERNE	SAN. INTEGRAL PADERNE I-F	1.672.755,33
A POBRA DO CARAMIÑAL	REDE AUGA E ABAST. VILAS-LILARES-A LOMBA	149.772,47
AS SOMOZAS	AMPL. REDE ABAST. AUGA 2-F	215.353,03
AS SOMOZAS	AMPL. REDE ABAST. AUGA 3-F	225.456,42
TEO	SANEAMENTO EN FORNELOS-LAMPAI	110.003,22
TEO	ABAST.E SANEAMENTO EN REGOUFE	82.350,24
TEO	ABAST. E SANEAMENTO EN PONTEVEA	77.362,50
TEO	ABAST. E SANEAMENTO EN TARRIO SEOANE	72.380,04
TEO	ABAST. E SANEAMENTO EN PITE-PAREDES	72.344,15
TEO	ABAST. E SANEAMENTO EN CEPEDA	72.342,82
TEO	ABAST. E SANEAMENTO EN OUTEIRO	60.138,04
TORDOIA	ABAST. AUGA PARRQ. CASTENDA DA TORRE	584.027,88
VAL DO DUBRA	NOVA CAPT. E DEP. AUGA POTÁBEL	223.380,10
VEDRA	DEP. E SANEAMENTO EN SAN XIÁN DE SALES	400.937,28
VILARMAIOR	AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO EN VILARMAIOR	185.000,00
TOTAL		14.554.349,49

Este Plan complementario poderá ser modificado ou ampliado na forma e cos trámites establecidos no R.D. 835/2003 do 27 de xuño, coa finalidade de realizar unha óptima utilización da subvención do MAP e FEDER.

4.-Dispoñer a súa publicación no Boletín oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

5.-Remitir o expediente a informe do subdelegado do goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, entendéndose emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

6.-Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais entendéndose emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

7.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/97 de

administración local de Galicia, entendéndose emitido favorabelmente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

8.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerárase definitivamente aprobado o Plan.”

Anexo ao expediente de aprobación da 1ª fase do Programa operativo local 2005

MEDIDA 5.3									
Concello	DENOMINACIÓN	Código	Orzamento	FEDER			ACHEGAS NACIONAIS		
				FEDER-MAP	FEDER-LOCAL	TOTAL	MAP	DEPUT.	CONC.
DUMBRÍA	CENTRO SOCIAL-CULTURAL OLVEIRA 2ª	05.2300.0145.0	119.023,44	10.132,47	73.183,94	83.316,41	4.341,98	25.413,88	5.951,17
IRIXOA	SANEAMENTO NO CHAO DA VIÑA 2ª	05.2300.0146.0	53.728,66	4.573,92	33.036,14	37.610,06	1.960,02	11.472,15	2.686,43
MELIDE	SANEAMENTO EN MELIDE 2ª	05.2300.0147.0	55.809,87	4.751,09	34.315,81	39.066,90	2.035,94	11.916,54	2.790,49
SAN SADURNIÑO	AMPL. SANEAMENTO S. SADURNIÑO 2ª	05.2300.0148.0	65.731,49	5.595,72	40.416,32	46.012,04	2.397,88	14.035,00	3.286,57
VIMIANZO	URBZ. CONTORNO E APARCADOIRO CENTRO SAUDE 2ª	05.2300.0149.0	34.752,21	2.958,46	21.368,09	24.326,55	1.267,76	7.420,29	1.737,61
ABEGONDO	ABAST. AUGA POTÁBEL CABANAS E MONTOUTO	05.2300.0159.0	150.241,02	12.790,02	92.378,70	105.168,72	5.480,79	32.079,46	7.512,05
BERGONDO	EDAR E CONDUCCIÓN SAN.PETEIRO-STA.MARTA DE BABÍO	05.2300.0160.0	324.987,34	27.666,17	199.824,97	227.491,14	11.855,54	69.391,29	16.249,37
DEPUTACIÓN	EP 1103 DE COMPARADA Á PONTE BELUSO	05.2300.0161.0	546.464,86	46.520,55	336.004,85	382.525,40	19.935,04	116.681,18	27.323,24
CARNOTA	AMPL.REDE SAN.EN CARNOTA	05.2300.0162.0	554.001,65	47.162,16	340.638,99	387.801,15	20.209,98	118.290,44	27.700,08
CORCUBIÓN	ORDENACIÓN PAISAXÍSTICA PRAZA DE CASTELAO	05.2300.0163.0	134.191,26	11.423,70	82.510,18	93.933,88	4.895,30	28.652,52	6.709,56
CORCUBIÓN	MELLORA SERV.LIMPEZA E RECOLLIDA RESIDUOS	05.2300.0164.0	126.222,50	10.745,32	77.610,43	88.355,75	4.604,60	26.951,02	6.311,13
FENE	REDES ABAST.E SAN.PARROQUIAS FENE	05.2300.0165.0	524.276,96	44.631,70	322.362,17	366.993,87	19.125,62	111.943,62	26.213,85
MESÍA	CAPTACIÓN E ACONDICION. ETAP MESÍA	05.2300.0166.0	115.451,01	9.828,34	70.987,36	80.815,70	4.211,65	24.651,11	5.772,55
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	PARQUE EUME TRAMO B-1 ÁREA 4	05.2300.0167.0	557.874,11	47.491,82	343.020,05	390.511,87	20.351,25	119.117,28	27.893,71
TORDOIA	AMPL.ABAST.ARCAI DE ABAIXO-A BALSASOUFE	05.2300.0168.0	94.819,27	8.071,96	58.301,52	66.373,48	3.459,01	20.245,82	4.740,96
TOTAL MEDIDA 5.3			3.457.575,65	294.343,40	2.125.959,52	2.420.302,92	126.132,36	738.261,60	172.878,77

MEDIDA 3.1				FEDER			ACHEGAS NACIONAIS		
Concello	DENOMINACIÓN	Código	Orzamento	FEDER-MAP	FEDER-LOCAL	TOTAL	MAP	DEPUT.	CONC.
				OLEIROS	MELL.REDE AUGA R/DOS FIEITOS E OUTROS	05.2300.0169.0	119.287,71	9.429,69	68.107,32
TOTAL MEDIDA 3.1			119.287,71	9.429,69	68.107,32	77.537,01	5.076,88	30.709,43	5.964,39

MEDIDA 3.3				FEDER			ACHEGAS NACIONAIS		
Concello	DENOMINACIÓN	Código	Orzamento	FEDER-MAP	FEDER-LOCAL	TOTAL	MAP	DEPUT.	CONC.
				CARBALLO	REDE SAN. CANCES, LEMA, REBORDELOS, RUS	05.2300.0170.0	581.375,32	53.027,24	383.004,25
CARBALLO	REDE SAN. EN RAZO-CARBALLO	05.2300.0171.0	193.214,79	17.623,12	127.287,97	144.911,09	5.873,73	32.769,23	9.660,74
NARÓN	SANEAMENTO EN CASTRO 2-F 2ª	05.2300.0150.0	19.497,55	1.778,37	12.844,79	14.623,16	592,73	3.306,78	974,88
NARÓN	EDAR EN PEDROSO 1-2 FASE 2ª	05.2300.0151.0	81.281,32	7.413,67	53.547,32	60.960,99	2.470,95	13.785,31	4.064,07
TOTAL MEDIDA 3.3			875.368,98	79.842,40	576.684,33	656.526,73	26.611,22	148.462,57	43.768,46

MEDIDA 5.5				FEDER			ACHEGAS NACIONAIS		
Concello	DENOMINACIÓN	Código	Orzamento	FEDER-MAP	FEDER-LOCAL	TOTAL	MAP	DEPUT.	CONC.
				NARÓN	ACOND.NAVES NA FEIRA DO TRECE	05.2300.0172.0	83.448,53	7.103,97	51.310,00
TOTAL MEDIDA 5.5			83.448,53	7.103,97	51.310,00	58.413,97	3.044,20	17.817,93	4.172,43
TOTAL 1ª FASE PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2005			4.535.680,87	390.719,46	2.822.061,17	3.212.780,63	160.864,66	935.251,53	226.784,05

15.- APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS CON CONEXIÓN Á REDE, E INSTALACIÓN SOLARES TÉRMICAS EN 11 CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA” INCLUÍDO NA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DENTRO DA LIÑA DE PROXECTOS SINGULARES DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO DA ANUALIDADE 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico da obra denominada *Instalacións solares fotovoltaicas con conexión á rede e instalacións solares térmicas en 11 concellos da provincia*, cuxa solicitude de subvención ao MAP dentro da liña de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano da anualidade 2005, regulamentado polo Real decreto 835/2003 e Orde do 23 de xaneiro de 2004, aprobada polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 27 de xaneiro de 2005 con base nun estudo realizado previamente, cuxo proxecto técnico de execución se elaborou dentro dun concurso de redacción de proxecto convocado por esta Deputación.

Tendo en conta que o orzamento de contrata do proxecto definitivamente redactado ascende a 1.113.004,60 €, que deben cofinanciarse entre o MAP e a deputación ao 50%, modifícase o financiamento previsto no acordo plenario do 27 de xaneiro de 2005 que se realizou con base a un orzamento calculado de 1.200.000,00 € cofinanciados ao 50% entre o MAP e a Deputación. O novo financiamento correspondente ao proxecto técnico definitivo é o seguinte:

SOLICITUDE DE PROXECTOS SINGULARES 2005					
Denominación	Ámbito territorial		Orzamento	MAP 50%	Deputación 50%
<i>Instalacións solares fotovoltaicas con conexión á rede e instalacións solares térmicas en 11 concellos da provincia</i>	ARES CABANAS A CAPELA FENE MONFERO MUGARDOS	NEDA PONTEDEUME AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ SAN SADURNIÑO AS SOMOZAS	1.113.004,60	556.502,30	556.502,30

Como consecuencia solicítaselle ao MAP unha subvención polo importe de 556.502,30 €, e declárase que no orzamento desta deputación para o exercicio 2005 existe unha consignación por un importe de 1.200.000,00 € destinada ao financiamento do Programa de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano.”

16.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 1094 CON DATA DO 3 DE FEBREIRO DE 2005 DE NOMEAMENTO DE INTERVENTOR ADXUNTO.

Dáse conta á Corporación da Resolución nº 1.094, con data do 3 de febreiro de 2005, pola que se nomea interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña a D. Juan Bautista Suárez Ramos.

17.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA REFERENTE Á SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE O CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA SE FINANCIE CON FONDOS EUROPEOS.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Simplemente para dicir que nos parece ben que a Deputación da Coruña consiga todos os fondos que poidan ser, xa europeos ou doutra índole, para aforrar os nosos fondos propios e investilos noutras necesidades de todos os nosos concellos. Pero quería facer unha aclaración, porque niso se basea esta moción, en que algunhas deputacións, concretamente as de Ourense e Pontevedra usan fondos europeos para algúns parques, que é verdade, pero que quería aclarar eu, concretamente son o de Ourense en Xinzo de Limia e o de Porriño na provincia de Pontevedra. E hai fondos europeos conseguidos por ambas as dúas deputacións nun 50% do seu investimento, pero son fondos INTERREG, que non son fondos FEDER, como son os que está a usar a Xunta nos parques de bombeiros, que é verdade que os está usando. Entón, o que dicimos nós: que nos parece ben, pero quero dicir que eses fondos INTERREG son un caso específico porque son fondos nestes parques de bombeiros porque están na liña fronteiriza con Portugal, é un tema estratéxico específico, e se é ben certo que a Xunta de Galicia está a usar na súa participación fondos europeos, fondos FEDER, paréceme ben que esta Deputación loite por conseguir que no 50% dos seus fondos propios, ou no 100% consiga fondos europeos, xa sexan directamente ou a través da Xunta de Galicia.

Pero o engadido que queremos pór nosoutros, e que votaríamos a través desta moción, é que se non se conseguen, polos motivos que sexan, porque non hai disposición da Xunta ou non se conseguen por outro sistema eses fondos europeos, que os parques que están en marcha, tanto de Cee como de Santa Comba, que sigan de calquera forma adiante, aínda que sexan con fondos propios. Esa é a nosa proposta, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Si, pero, van votar a favor ou fan unha proposta nova?

Sr. Torres Colomer

Nós votaríamos a favor se hai un engadido novo, estou a propor un engadido “in voce”, que independentemente de manter todo o texto, habería un segundo

apartado, que en ningún caso a non consecución de fondos europeos deixaría freados ou non se levarían a cabo estes dous parques de Cee e Santa Comba. Coido que me estou explicando, que en calquera caso estes parques sempre seguirían adiante, tanto con fondos europeos, se temos a sorte de conseguilos, coma con fondos propios.

Sr. Presidente

Se aceptásemos esa posibilidade, invalidaríamos o contido da moción, por que presento eu esta moción? Como vostede sabe, hai un convenio asinado coa Xunta de Galicia para construír varios parques de bombeiros na provincia, e neste último ano puxéronse en funcionamento seis parques de bombeiros, e o día 15 de marzo inaugurárase oficialmente o parque de bombeiros de Betanzos. Isto estase a facer con outras provincias, aínda que con outra magnitude. Esta provincia é a mellor dotada en canto a instalacións e medios para a loita contra incendios, non só urbanos, senón contra incendios forestais, a través das cuadrillas, extinción de incendios que financia esta deputación, e os grupos de protección civil que financia esta deputación. Pero o financiamento dos parques de bombeiros é un 60% pola Deputación Provincial da Coruña e un 40% pola Xunta de Galicia, e o financiamento é ao 50% por ambas as dúas institucións a través da presenza no Consorcio Provincial de Bombeiros. Que está pasando? Que en Ourense e Pontevedra están a financiar a parte da Deputación, que é menor do 60%, se está a financiar con fondos europeos, de INTERREG, seguro. E é a Xunta quen tramita os proxectos de fondos europeos, ese 60% que paga a Xunta págao de fondos europeos, e a Deputación paga o 40% de fondos propios. Entón, nós agora expresamos unha vontade como Deputación: tratar de que xa que funciona o Consorcio, que é o Consorcio quen aproba o proxecto, que é o Consorcio quen adxudica, que é o Consorcio quen merca o material, e que hai un xerente, que sexa o Consorcio quen financie, e que sexa o Consorcio provincial de bombeiros, onde participa a Xunta e a Deputación, o que pida o apoio económico para construír os parques de bombeiros que fan falta con fondos europeos. E isto teno que tramitar a Xunta de Galicia, e depende da vontade política da Xunta de Galicia. Se automaticamente aprobamos isto e dicimos: pero se isto non se fai a Deputación seguirá financiando o 40%, pois non nos farán caso. É indubidábel, e no ánimo de todos está que os parques de bombeiros hainos que facer, pero se pomos este engadido estamos dicindo: ben, isto é un brinde ao sol porque xa dicimos que aínda que non se aproben estes proxectos europeos, non se dea o financiamento para o Consorcio de bombeiros, a Deputación vai seguir financiando. Coido que somos todos responsábeis, faremos o que teñamos que facer, pero se pomos iso así tan claramente, desvirtuamos completamente o contido da moción, porque a Xunta dirá: ben, pois moi ben, pero non fago nada porque, total, vai seguir todo igual.

Sr. Torres Colomer

Imos ver, é como vostede di, relativamente, porque eses fondos INTERREG das Deputacións non son para cubrir o 100% da parte da Deputación, senón o 50% da

parte da Deputación, e volvo repetir que é un fondo INTERREG en casos especiais, en dous parques que están na liña, como poden ser os de Xinzo e o de Porriño.

De todas as formas, dicirlle, -se quere, pola nosa desconfianza tamén-, para os parques de bombeiros de Betanzos e As Pontes non se puxo ningún engadido nin se puxo a dúbida de se tiña que ser con fondos propios ou europeos, e aí está en marcha; e o propio parque de Cee, que eu saiba, o seu orzamento está aprobado con fondos propios dentro do Consorcio provincial.

Polo tanto, nós queremos que quede ben claro isto, que se non se conseguen eses fondos europeos, que se poñan os fondos propios para que eses parques de Cee e Santa Comba vaian para adiante. En tal caso, se non admiten este engadido “in voce”, nós absteríamonos.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Torres. Eu reitírolle de novo que se temos un Consorcio, onde está a Xunta representada, e é a Xunta a que pide e a que decide nos fondos europeos, nós nesta moción dicimos que o Consorcio pida o financiamento de fondos europeos, que dá o 60%? Vale, pois dá o 60%; e a Deputación e a Xunta pagarán o resto. O que queremos é que non haxa discriminación, porque non entendemos por que a Xunta se financia con fondos alleos e a Deputación ten que financiar iso con fondos propios, non entendemos. E hai unha clara vontade da Xunta de discriminar, -e perdoe que fale así-, á Deputación provincial, cun goberno e con outro; non é unha cuestión política, cousa que non pasa noutras deputacións. E o único que pretendemos é que o Consorcio que funciona pida fondos europeos, e o que financia Europa, o resto, finánciao a Deputación e finánciao a Xunta.

Non pasa nada co tema de Betanzos e As Pontes, porque os parques que estaban en marcha financiáronse como estaban previstos. O de Santa Comba nin se iniciou a construción, porque parece ser que o alcalde, a parcela que ofreceu, ofrecérala tamén a outro organismo público e estíbese a construír outra cousa alí, entón está sen comezar. E o parque de Cee está sen comezar, porque se lle adxudicou a obra; non a adxudicamos nós, adxudicouse; está paralizado, hai un expediente de rescisión de contrato, e fai falta máis diñeiro novo, entón o que pretendemos é aforrar.

Pero xa digo, se pomos o que vostede di, Sr. Torres, non vale para nada esta moción, eu dígolle: confíe vostede, non imos deixar o que temos que facer, pero déixenos pedir e ter unha forza para pedirlle á Xunta que nos inclúa e que nos meta nun programa europeo e teñamos financiamento, como teñen os demais.

Sr. Torres Colomer

Unha última intervención, se me permite, Sr. Presidente, e non vou intervir máis. E volvo a explicar: non hai marxinação, discriminación con ningunha

deputación; hai uns casos especiais de dous parques de bombeiros que teñen o programa INTERREG, e volvo repetir: o de Xinzo de Limia e o de Porriño; e os outros parques, tanto na provincia de Ourense coma na de Pontevedra, á parte das deputacións, póñenos eles con fondos propios. Xa que logo, non hai discriminación, hai un programa INTERREG que se conseguiu, por ser en liña fronteiriza.

Pero ben, nós o que queremos, e o noso grupo o que quere é que se conseguen fondos europeos benvidos sexan, e se non, que o parque de Cee e o de Santa Comba vaian para adiante con fondos propios desta Deputación, e abóndanos, -se non queren polo aí para que non vaia á Xunta-, abóndanos con que vostede dea o seu compromiso formal perante esta cámara neste momento.

Sr. Nogueira Fernández

Os fondos europeos existen, o que pasa é que vai en detrimento da achega que fai a Xunta, e do que se trata nesta moción é que vaia en detrimento da achega que fai a Xunta e a Deputación, non só en detrimento da achega que fai a Xunta; os fondos europeos existen, e dedícanse a financiar os parques, o que estamos a pedir é que no Consorcio provincial de bombeiros da Coruña non só vaia en detrimento do diñeiro que pon a Xunta, senón que tamén vaia en detrimento do diñeiro que pon a Deputación dos seus fondos propios. Non é que se cuestione, os fondos están asignados pola Xunta de Galicia para os parques de bombeiros, pero exclusivamente á achega que fan eles; que nolos abran tamén a nós, que veña en favorecer ao resto dos concellos da provincia para poder investir noutras cousas.

Sr. Torres Colomer

Non pensaba falar máis, Sr. Presidente. Se estamos de acordo, estamos de acordo que hai uns fondos europeos que está a usar a Xunta para a súa participación, pero non está a discriminar a ninguén, hai dous casos especiais, dous parques dos que falei, por fondos INTERREG. E se a Xunta, -xa afondando máis-, se a Xunta comeza a desviar fondos europeos a todas as provincias para os parques de bombeiros, non só da súa parte, senón tamén da parte das Deputacións, se cadra tamén os concellos vemos detraídos fondos de cooperación local... si, si, si, a Xunta tería que usar fondos propios e non lle chegan para eses fondos.

Pero en fin, Sr. Presidente, concretando, o noso grupo o que quere, se vostede ten a ben, un compromiso seu de que estes parques de bombeiros irán adiante, o de Cee e Santa Comba concretamente, e todos os que sexan, se podemos, con fondos europeos, e se non, con fondos propios desta Deputación.

Sr. Presidente

O compromiso será do Consorcio de bombeiros, que ten a competencia; a Deputación fará o que teña que facer, e neste caso hai unha moción, e sometémola a votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11- PSOE e 5 – BNG)

Votan en contra: ningún

Abstéñense: 14 deputados (PP)

Sr. Presidente

Queda aprobada. Dirixirémonos, -xa non como dous representantes no Consorcio, senón como unha moción aprobada no Pleno-, á Xunta para que o Consorcio presente un proxecto para financiar, e se non hai financiamento, xa falaremos e buscaremos amaños, pero en principio a decisión é que sexa o Consorcio quen busque o financiamento e a achega europea minore a achega da Xunta e a achega da Deputación, porque non é lóxico nin razoábel que a Deputación pague dos seus fondos e a Xunta pague de fondos europeos, non nos parece lóxico, e ese era o motivo desta moción.

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Solicitar da Xunta de Galicia que o financiamento da construción dos parques de bombeiros de Cee e Santa Comba, programados polo Consorcio Provincial da Coruña, sexa financiado, tanto no que respecta á achega da Xunta como na da Deputación da Coruña con fondos europeos, tendo en conta ademais que a contratación das obras será realizada polo propio Consorcio Provincial.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Hai catro mocións, que coído que os voceiros acordaran que as lese o secretario e declarábase automaticamente de urxencia e declarábase tamén aprobadas automaticamente. Polo tanto, solicítolle ao secretario que lea as mocións.

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE AS AXUDAS DO PRESTIGE

Sr. secretario

É presentada polo grupo popular a través do deputado don José Luis Fondo Aguiar, e di o seguinte:

A catástrofe que o afundimento do buque Prestige supuxo para a Costa Norte de España en xeral e para os concellos da costa da provincia da Coruña en particular, obrigou a estas administracións municipais a adoptar unha serie de medidas urxentes, co fin de paliar no posíbel os efectos producidos pola contaminación derivada do accidente. Medidas que implicaron a prestación dunha serie de servizos por parte de numerosos empresarios e provedores que desempeñaban estas actividades por encargo dos concellos, expedindo as correspondentes facturas. O importe destes gastos supón unhas contías moi elevadas difíciles de soportar para os empresarios e que dificilmente os concellos poden afrontar salvo que acudan a medidas excepcionais, como recentemente realizou o Concello de Ribeira co recoñecemento extraxudicial de crédito.

No mes de outubro do 2003 a oficina do Comisionado do Goberno remitiulles aos concellos un comunicado no que se relacionaba a documentación que había que remitir para acollerse ao Acordo transaccional recollido no R.D. lei 4/2003 do 20 de xuño e desenvolvido polo R.D. 1053/2003 do 1 de agosto. Como consecuencia de todo isto remitíronse á Oficina do Comisionado e a través da Deputación da Coruña (que sempre participou na medida das súas posibilidades de mediador entre a Oficina do Comisionado e concellos) toda a documentación requirida.

Pois ben, no día de hoxe aínda non foron aboadas por parte do Estado estas facturas, o que supón un grave prexuízo para os empresarios e para os concellos.

Así pois preséntase a seguinte moción:

Que a Deputación da Coruña como concello de concellos e dado que ademais participou na tramitación destas axudas e na organización das reunións do Comisionado cos Concellos, que lle reclame á Administración central o pagamento íntegro e da maneira máis rápida destas facturas para non seguir prexudicando aos empresarios e provedores que realizaron estes labores.

Por unanimidade apróbase a urxencia e a moción.

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE O GRUPO IZAR FERROL

Sr. Secretario

Tamén do Grupo Popular e presentada a través de Don Eduardo Lamas Sánchez, di o seguinte:

O ministro de Defensa, D. José Bono e o ministro de Asuntos Exteriores venezolano, D. Alí Rodríguez, confirmaron o acordo polo que o goberno de Venezuela, encargará á empresa Izar a construción de catro buques patrulleiros de vixilancia costeira, cun custo que podería chegar aos 700 millóns de euros, e que daría emprego a 600 traballadores durante seis anos.

Posto que os últimos encargos para a construción de buques realizados polo gabinete do Sr. Bono, recaeron exclusivamente nas plantas de Izar en Cádiz, preséntase a seguinte moción:

Darlle traslado á Presidencia do Goberno da Nación, e ao titular do Ministerio de Defensa, D. José Bono, da presente moción na que se reclama para Izar Ferrol a construción dos catro buques patrulleiros de vixilancia costeira, encargados polo goberno de Venezuela.

Por unanimidade apróbase a urxencia e a moción.

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE A AXILIZACIÓN DO AVE FERROL-A CORUÑA

Sr. Secretario

Tamén do Grupo Popular, presentada o 24 de febreiro, a través de Don Eduardo Lamas, di así:

A incorporación do AVE Ferrol- A Coruña ao Eixe Atlántico de alta velocidade é o resultado dun compromiso asumido polo anterior Goberno central co obxectivo de dotar á bisbarra de Ferrolterra dunha conexión moderna e competitiva coa Coruña e con Madrid.

Trátase, polo tanto dunha actuación necesaria e irrenunciábel, incluída no Plan Galicia, que evitará o illamento de Ferrol e a súa bisbarra e garantirá que un cidadán da cidade departamental poida estar na Coruña en 27 minutos e en Madrid en menos de tres horas.

O estudo informativo do AVE Ferrol- A Coruña foi sometido a información pública en xullo de 2003 polo Ministerio de Fomento, entón dirixido por Álvarez

Cascos. Pasados case 19 meses desde esa data, o expediente está paralizado, sen que desde o Ministerio se informase de ningún avance significativo.

O citado departamento tampouco respondeu, a día de hoxe, ás alegacións formuladas pola Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda sobre o trazado do AVE, no sentido de que a entrada da alta velocidade na Coruña desde Ferrol se realice por Cecebre e Uxes evitando o seu paso pola ría do Burgo.

Porén, e a través dunha resposta parlamentaria do 31 de xaneiro de 2005 a unha pregunta de Esquerda Unida, o Ministerio de Fomento afirmou que está aberto un estudo adicional para A Coruña, Cecebre e Uxes. Nese escrito, o Ministerio fala dunha suposta coordinación coas Administracións autonómicas e locais que, non obstante, desde a Xunta de Galicia, se cualifica de inexistente.

Antes ao contrario, a Consellaría de Política Territorial afirmou publicamente que o último contacto con Fomento sobre o AVE Ferrol- A Coruña corresponde ao mes de febreiro de 2004, é dicir, antes de que tomase posesión o novo Goberno central. Ademais, tal e como aparece reflectido nos medios de comunicación o 2 de febreiro de 2005, o Concello da Coruña, RENFE e Fomento crearon unha comisión para analizar a chegada do AVE á Coruña, excluindo desta á Xunta de Galicia, máximo órgano responsábel do transporte público no eido autonómico.

Diante desta confusa situación, e se consideramos que o Plan Galicia establece o ano 2009 como data de remate para o AVE Ferrol- A Coruña, o Grupo Popular na Deputación propón a seguinte moción:

O Pleno da Deputación da Coruña insta ao Goberno Central a axilizar a tramitación do AVE entre Ferrol e A Coruña, que se atopa en información pública dende o mes de xullo de 2003 sen que en 19 meses se teñan producido avances significativos.

Ante a importancia estratéxica desta actuación para o desenvolvemento e o progreso da comarca de Ferrolterra, e tendo en conta que a dita conexión debe estar rematada en 2009 tal e como establecen os prazos do Plan Galicia publicamente asumidos polo actual Ministerio de Fomento, é urxente adoptar as seguintes medidas:

1.-Acelerar os tramos do AVE Ferrol-A Coruña sobre os que xa existe consenso entre as administracións respecto do trazado. Para isto, debe procederse ó inmediato envío do expediente ó Ministerio de Medio Ambiente co obxectivo de que a Declaración de Impacto Ambiental se publique no 2005 e se licite e adxudique antes de que remate o ano a redacción dos proxectos construtivos.

2.-No que respecta ó tramo de entrada do AVE na Coruña, retomar con urxencia os contactos coa Xunta de Galicia para resolver coa máxima celeridade as alegacións

presentadas, definir o trazado definitivo e iniciar a súa tramitación no tempo máis breve posible.

3.-Realizar todos estes trámites co obxectivo de que o AVE Ferrol-A Coruña estea rematado no horizonte do 2009, tal e como se recolle na moción aprobada no Congreso o 22 de xuño de 2004 e na Resolución da Comisión de Seguimento do Parlamento Galego do 28 de xullo de 2004 nas que se concretan os prazos de remate das obras do Plan Galicia, garantindo así mesmo as características técnicas que permitan que un cidadán de Ferrol poida viaxar á Coruña en 27 minutos e a Madrid en menos de tres horas.

Por unanimidade apróbase a urxencia e a moción.

MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS CON REPRESENTACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, RELATIVA Á CANDIDATURA DE PATRIMONIO INMATERIAL GALEGO-PORTUGUÉS .

Sr. Secretario

Esta moción é dos grupos políticos con representación na Deputación Provincial da Coruña, e di así:

A Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte... nas ondas!”, integrada por profesorado de máis de 40 escolas de Galicia e Portugal ten, entre outros obxectivos, a recuperación do patrimonio cultural común galego-portugués. Froito do traballo realizado sobre este tema, xurdiu a proposta de candidatar o patrimonio inmaterial galego-portugués diante da UNESCO para que sexa declarado Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade.

A UNESCO contempla –ademais da posibilidade de presentar cada dous anos unha candidatura por parte dun Estado- a opción de presentar candidaturas multinacionais, naqueles casos en que exista un patrimonio vivo e diverso que se estenda máis alá das fronteiras políticas dun Estado.

A UNESCO ten establecido un procedemento para a presentación destas candidaturas, no que a iniciativa debe partir da sociedade civil, ser posteriormente apoiada por institucións e entidades públicas, e finalmente presentada polos gobernos.

O pasado 18 de outubro materializouse esta iniciativa ao presentar a Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte.... nas ondas!” a candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués na División do Patrimonio Inmaterial da UNESCO para o seu recoñecemento como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade, avalada polos goberno portugués e español. A resolución e a proclamación da candidatura escollida por parte da UNESCO está prevista para o mes de xullo de 2005.

Se consideramos que a cultura oral común galego-portuguesa conforma un amplo abano de manifestacións literarias, musicais e etnográficas (cantigas, lendas, romances, cantos, regueifas, celebracións do ciclo agrario e da natureza), enraizadas na tradición e que perviven aínda en amplas zonas do territorio comprendido entre o Douro e o Cantábrico como expresións dunha continuidade histórico-cultural de moita antigüidade.

Debido aos cambios económicos e sociais acontecidos nas últimas décadas (desaparición de modos de vida e actividades económicas tradicionais, proceso de urbanización, influencia dos medios de comunicación), esta comunidade cultural milenaria está a perder vitalidade e moitas das manifestacións que a constitúen corren o risco de desaparecer.

Para cambiar esta tendencia faise necesaria unha actuación coordinada por parte das administracións, das institucións académicas e educativas, e da sociedade civil, encamiñada a protexer, coñecer, recuperar e darlle difusión a esta parte fundamental da identidade cultural dos pobos.

Se temos en conta que a candidatura presentada pola Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte... nas ondas!” pode constituír un importante punto de partida para conseguir unha maior atención a este rico patrimonio e un maior compromiso por parte da sociedade e das institucións para a súa conservación e promoción, o que ademais redundaría nun maior coñecemento mutuo entre os dous pobos e contribuiría a consolidar e impulsar as crecentes relacións institucionais, sociais e culturais entre Galicia e o norte de Portugal.

Se consideramos a relevancia que ten o feito de que se trate dunha iniciativa nacida no seo da sociedade, por medio dunha asociación integrada por centros educativos de Galicia e do norte de Portugal e por escolas asociadas á rede da UNESCO e que conta co apoio de diversas institucións académicas e entidades educativas e culturais dos dous territorios.

Se temos en conta a transcendencia que a declaración como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade tería para o coñecemento e promoción do patrimonio oral común galego-portugués como unha iniciativa exemplar dentro da construción da identidade europea.

Por todo o anteriormente exposto, por parte dos grupos políticos con representación provincial, preséntase a seguinte proposta de

MOCIÓN

Dirixirse á Xunta de Galicia para manifestarlle o apoio da Deputación da Coruña á candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués promovida pola

Asociación Cultural *Ponte... nas ondas!* ante a UNESCO e a todas cantas accións se puideran levar a cabo en beneficio da devandita candidatura. Así mesmo, instar á Xunta de Galicia para que dea traslado do apoio público desta adhesión a cantos organismos estean implicados na promoción desta candidatura, dando traslado ademais desta moción ao Goberno de España e Portugal.

Por unanimidade apróbase a urxencia e a moción.

Sr. Presidente

Aprobamos catro mocións que sen dúbida son importantes para a provincia e para Galicia, pero que son simplemente tomas de posición de todos os grupos provinciais sobre cuestións que nos afectan, pero sobre as que non temos capacidade de decisión, mocións nas que nos diriximos a, que instamos a, nas que solicitamos a, pero é importante.

Pero resalto e subliño: neste Pleno aprobamos investimentos reais, que non supoñen dirixirse, nin instar, nin solicitar; aprobamos investimentos reais, financiados con proxectos e orzamentos por importe de 6.300 millóns de pesetas, que van destinados a obras reais, a servizos reais, que van mellorar a calidade de vida e o benestar da cidadanía. Dígoo porque ás veces as árbores non nos deixan ver o bosque, e fixámonos máis nunhas mocións, que sen dúbida son importantes, pero son cuestións que non son competencia nosa, que non temos ningunha capacidade de decisión, e ás veces esquecémonos do que realmente facemos, que é o importante, e coido que hoxe é un día importante para a provincia, un día dos que nos temos que felicitar todos os grupos aquí presentes, porque aprobamos e facilitamos obras por importe de 6.300 millóns de pesetas en todos os concellos da provincia da Coruña de Galicia.

Sen máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e trinta e cinco minutos, redactándose a presente acta, e autorizándose a súa transcripción, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.